

CONVENIO DE COLABORACIÓN EMPRESARIAL ENTRE A AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE E HEALTH ECONOMICS, S.L., PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO "CURSO DE AUTOFORMACIÓN: MEDICAMENTO PERSONALIZADO E DE PRECISIÓN."

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A secretaria xeral técnica da Consellería de Sanidade, **DECLARA:**

Que a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde e Health Economics, S.L. asinaron o 24.07.2026 o convenio arriba referido. O convenio terá vixencia dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2026. O convenio será prorrogable por común acordo das partes cando as circunstancias do cumprimento do seu obxecto o aconsellen. En caso de prórroga, formalizarase por escrito. Todo iso de conformidade co disposto no artigo 49 h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Que o instrumento convencional ten por obxecto dar resposta aos requirimentos na actualidade da actividade profesional sanitaria, biosanitaria, investigadora, tecnolóxica e xestora no ámbito do medicamento personalizado e de precisión, dando a coñecer as súas bases e aplicacións para que os médicos, facultativos, profesionais clínicos e biosanitarios, investigadores, tecnólogos e xestores as poidan trasladar ao seu desempeño profesional e cubrir as necesidades e carencias detectadas.

Que o convenio fundaméntase no seguinte:

Mediante o Decreto 112/2015, do 31 de xullo, créase a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS) e apróbanse os seus estatutos. A posta en funcionamento efectivo da Axencia tivo lugar o 1 de xaneiro de 2016, coa entrada en vigor dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.

Entre os obxectivos estratéxicos de ACIS están o de elaborar a planificación en materia de docencia, formación, investigación, innovación e avaliación de tecnoloxías e servizos sanitarios, en función dos criterios e obxectivos de planificación estratéxica definidos polo Servizo Galego de Saúde e pola Consellería de Sanidade e o de xestionar o coñecemento no sistema público de saúde de Galicia.

Segundo o artigo 42 dos seus estatutos, para o cumprimento dos seus obxectivos ACIS poderá contar, entre outros, con recursos procedentes de achegas voluntarias, doazóns, herdanzas, legados e demais achegas a título gratuito de entidades privadas e de particulares.

A Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado regula determinados beneficios fiscais que poden aplicarse as persoas físicas ou xurídicas que colaboren no financiamento de actividades daquelas entidades que poidan ser beneficiarias do mecenado.

O artigo 16 da Lei 49/2002, do 23 de decembro declara como entidades beneficiarias do mecenado ao Estado, as Comunidades Autónomas e as Entidades Locais, así como os Organismos Autónomos do Estado e as entidades autónomas de carácter análogo das Comunidades Autónomas e das Entidades Locais. En consecuencia, ACIS pode ser receptora de achegas económicas que dean dereito aos aportantes a obter beneficios fiscais dos regulados na Lei 49/2002.

Segundo o Artigo 25 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, entenderase como convenio de colaboración empresarial en actividades de interese xeral aquel polo cal as entidades ás que se refire o artigo 16, a cambio dunha axuda económica para a realización das actividades efectuadas en cumprimento do seu obxecto ou finalidade específica, comprométese por escrito a difundir, por calquera medio, a participación do colaborador nas devanditas actividades. A difusión da participación do colaborador no marco dos convenios de colaboración empresarial non constitúe unha prestación de servizos.

Esta colaboración queda excluída da aplicación da lexislación de contratos administrativos, a tenor do disposto no artigo 6.2 da lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Health Economics S.L. é a editora de New Medical Economics, un canal de comunicación dixital, especializado na edición de contidos de xestión sanitaria orientados á divulgación desta disciplina, tanto para profesionais sanitarios como para a cidadanía en xeral. Dentro desta ampla experiencia inclúese a organización de actividades de carácter formativo ou divulgativo.

O éxito do "*Curso de Actualización en Medicamento Personalizado e de Precisión*" celebrado durante 2025 (Convenio de colaboración empresarial entre a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde e Health Economics, S.L. para o desenvolvemento da actividade formativa "*Medicamento personalizado e de precisión: presente e futuro*" de maio de 2025), levou ao Servizo Galego de Saúde a Health Economics, S.L., a acordar a súa continuidade, plasmándose convenio agora asinado co obxecto de desenvolver o proxecto: "*Cursos de Autoformación: Medicamento Personalizado e de Precisión*" en formato de pímulas e-learning que se activarán na plataforma SHARE da ACIS e estarán dispoñibles de forma independente.

As pímulas e-learning, dos devanditos cursos de autoformación, constituiranse como material formativo en formato SCORM (Sharable Content Object Reference Model) ou x-API (ou Experience API) para os patrocinadores e tamén estarán activas na web NME, polo que o devandito material



tamén poderá ser utilizado posteriormente para a formación doutros profesionais sanitarios e biosanitarios non pertencentes ao SERGAS, así como a todos aqueles con interese e implicación no medicamento personalizado e de precisión.

Os "*Cursos de Autoformación: Medicamento Personalizado e de Precisión*" compoñeranse de 11 módulos, correspondéndose con 11 pículas e-learning, dispoñibles na plataforma SHARE da ACIS de forma independente; e unha Xornada presencial na que se presentará o proxecto completo aos expertos participantes, a representantes do SERGAS e aos patrocinadores.

Health Economics, S.L. comprométese a elaborar os contenidos necesarios para o desenvolvemento dos módulos de teleformación - webinars e a levar a cabo as sesións presenciais, para o que asume o compromiso de atender o custo dos recursos necesarios para o bo fin do proxecto.

A formalización do presente convenio non comporta gasto para ACIS.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non podían satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago,

